




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Costa Norte de Ferrol. Concello: Valdoviño. Parroquia: San Vicente de Meirás. Extensión: 0,46 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade acantilada con interese xeolóxico. Por un lado, a existencia dunha rasa en Punta Frouxeira, un bloque antigamente baixo o mar e que sufriu un levantamento relativo con respecto ao nivel do mar, recente dende o punto de vista xeolóxico. Por outro lado, o intenso recorte que manifesta a liña de costa, especialmente no sector do Portiño de Meirás, onde aparece un coído interesante. Os acantilados constan de parede e teito aplanado, moitas veces cuberto polo manto eólico. Inclúe o EIX Complexo sedimentario e costa rochosa da Frouxeira e Meirás.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Domina completamente o Dominio da Serie de Ordes, con materiais cuarzosistosos, xistosos e metasamíticos de idade variable que vai do Precámbrico ao Silúrico. En Punta Frouxeira, O Portiño e Illote Castelo hai diques de cuarzo, anfíbolitas e unha área de granodiorita de dúas micas con orientación de fluxo asociada ao Macizo de Ferrol. Participa do extenso campo dunar da Frouxeira.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Sector acantilado de réxime ombrotérmico Cálido e Seco no que a temperatura media anual supera os 15°C e a precipitación media acumulada durante o ano sitúase entre 800 mm e un máximo de 1000 mm. A amplitude térmica anual é inferior a 12,5°C.

OS SOLOS

Superficialidade edáfica, afloramentos rochosos e presenza de sedimentos eólicos areosos fan que se desenvolvan só leptosoles líticos nos que hai que considerar que realmente, en moitos casos presenten arenosoles.


AS AUGAS

A natureza acantilada da unidade e o seu pouco desenvolvemento continental explican a ausencia dunha rede fluvial significativa, desenvolvendo tan só pequenas valgadas que verten ás masas de Augas Costeiras 20092 e 20121.

O PATRIMONIO NATURAL

A unidade inclúese no LIC Costa Ártabra. É acantilada, dominando o hábitat 1230, Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas. Coídos e plataformas engaden o hábitat 1210, Vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados. A chaira costeira está cuberta por matogueira, pero ademais do grupo 40 de hábitats costeiros, a cobertura sedimentaria do campo eólico da Frouxeira fai que dominen tamén os do grupo 21, dunas marítimas das costas atlánticas.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

As coberturas do solo da unidade están determinadas polos elementos naturais. Unha recortada fronte acantilada preside o conxunto con cumios planos de escasa extensión, nos que se desenvolve un mosaico formado por matogueira atlántica, sobre todo no extremo norte, e as especies propias do manto eólico que se proxecta dende a praia da Frouxeira. O uso produtivo salientable correspóndese co marisqueo do percebe.

MORFOLOXÍA

A reducida extensión da unidade e o dinamismo da súa configuración morfolóxica non permitiron o desenvolvemento de asentamentos de poboación. Como únicas edificacións figuran a ermida da Nosa Señora do Porto e o faro da Frouxeira, que como elemento vertical focaliza a atención do observador e contrastando coa horizontalidade do cumio dos acantilados.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Tan só se aprecia o camiño asfaltado que dá acceso ao faro de Punta Frouxeira, xunto a unha trama de sendeiros que atravesan a unidade.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Como elementos patrimoniais figuran os restos arqueolóxicos sobre un illote ao que lle dá nome, a ermida da Nosa Señora do Porto, pertencente á parroquia de Lago, no extremo sudoccidental; as antigas troneiras de artillaría e uns túneles que as comunicaban, sobre os que se construíu o moderno faro de Punta Frouxeira, en 1992, cun estilo vangardista, e que entrou en funcionamento en 1994; así como as estruturas defensivas de Illa Castelo (BIC).

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter da unidade está absolutamente determinado polas xeoformas. Un meso acantilado de paredes verticais con procesos de inestabilidade, que se manifesta na súa fronte coa presenza de praias de bloques e no que a presenza humana se representa especialmente polo singular faro de Punta Frouxeira.

DINÁMICA DA PAISAXE

Ao igual que o seu carácter, a dinámica da unidade depende dos procesos asociados á fronte acantilada e os propios da cobertura sedimentaria do campo eólico da Frouxeira.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Excelente miradoiro natural dende o que se domina a escena da chaira costeira da Frouxeira e gran parte do perfil litoral da Costa Norte de Ferrol. Neste entrante acantilado, protexido baixo a figura de LIC Costa Ártabra e clasificado ademais como Espazo de Interese Xeomorfolóxico Complexo sedimentario e costa rochosa da Frouxeira e Meirás, existe unha rica mostraxe de matogueira de hábitat costeiro, xunto a especies propias de escenarios dunares. Por estes valores e polos de identidade presentes no imaxinario colectivo, esta unidade é considerada como Espazo de Interese Paisaxístico.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



